



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN DA EDUCACIÓN DA INFANCIA E MOCIDADE XITANA NO ANO 2024.

MEMORIA DE IDONEIDADE DO INSTRUMENTO CONVENCIONAL E DE IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA

O director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Igualdade formaliza xunto coa Fundación Secretariado Gitano, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2024. Non obstante, inclúe igualmente as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír a través da concesión directa dunha subvención pública ao financiamento por parte de Consellería de Política Social e igualdade dos gastos derivados das actuacións de orientación e promoción da educación da infancia e da mocidade xitana levadas a cabo pola Fundación Secretariado Gitano durante o exercicio 2024.

O obxectivo das actuacións é favorecer a normalización educativa da poboación xitana dende a base ata a formación post obrigatoria, e conseguir deste xeito taxas máis elevadas de éxito académico durante a etapa de escolarización obrigatoria, así como o aumento da continuidade do alumnado xitano no sistema educativo en niveis medios e/ou superiores e de formación profesional, a cuxo efecto se prestará orientación educativa e familiar, con sesións de apoio escolar e reforzo ao alumnado, co fin da súa integración social.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten atribuídas competencias de intervención na materia obxecto da colaboración ao abeiro do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.





Que a Fundación Secretariado Gitano é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co número E-1729 e ten entre as súas funcións a da promoción integral da poboación xitana desde o recoñecemento da súa identidade cultural e con esta finalidade desenvolve accións coas familias que presentan dificultades no acceso e permanencia na formación educativa regrada, colectivo dentro do ámbito competencial desta Consellería de Política Social e Igualdade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Que non é posible promover a concorrência xa que a Fundación Secretariado Gitano é a única entidade que desenvolve en toda a Comunidade Autónoma actuacións de orientación educativa continua, individual, grupal e a nivel sociocomunitario de apoio ao alumnado xitano en todos os niveis educativos, e conta cunha rede de recursos que permite un traballo colaborativo creador de sinerxias dirixidas a acadar un progreso no nivel educativo da poboación xitana.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

